



ADECUACIÓN DAS NOVAS EDIFICACIÓNS AOS VALORES DO CENTRO HISTÓRICO E AO CONVENIO IGVS-CONCELLO.

Buscando a coherencia coas características materiais do ámbito expónse sinxelos volumes neutros e abstractos, con cubertas inclinadas de zinc e ocios singulares de proporcións verticais e ritmos análogos aos existentes na contorna. As fachadas revístense de recebados de gran liso, adoptando estas e as carpinterías coloreas características noutras edificacións do centro histórico e recoleitos na normativa (plano hucoso/roxo paio). Así mesmo, as edificacións colócanse en posicións ás dispostas no convenio existente, auxiliándose sutilmente para atarse ao perfil das medianeiras e volumetrías existentes, tal e como solicitan as bases.


OBRA NOVA EDIFICIO SUR PLANTAS DETALLE NIVEIS



REHABILITACIÓN E RESTAURACIÓN INTEGRAL DO PAZO DE DOÑA URRACA E ACONDICIONAMENTO EXPOSITIVO DOS INTERIORES


Avógase por rehabilitar integralmente o velho Pazo. Así, restaurándose todos os seus acabados exteriores, elementos de cachotería e carpinterías, buscando recuperar o seu lustre orixinal; restituíuse tamén a cuberta primitiva de lousa —aínda que se reforza cun optimo illamento térmico e introdúcese unha grella de luz no seu contacto con Miño 19—, recuperando así a súa morfología e inclinación orixinais. Mentres, ao interior, as 4 salas expositivas, situadas nas estancias principais do pazo, se encorran de bronce, buscando xerar un ambiente neutro adecuado para a actividade expositiva. Igualmente, intégrase un novo núcleo de comunicación exclusivo para o Centro Expositivo, asegurando a accesibilidade do 100% de estancias.

REHABILITACIÓN PAZO & MIÑO 19-21 PLANTAS DET NIVEIS



ADAPTACIÓN DOS VOLUMES DE OBRA NOVA Á MORFOLOXÍA E VALORES CULTURAIS DO ENTORNO CONSTRUIDO, CONFORMANDO O NOVO ESPAZO URBANO

As novas edificacións responden a nivel material, formal e volumétrico á morfología e aos valores culturais e estéticos das construcións próximas ao ámbito de actuación, buscando configurar un novo bordo urbano que delimite o espazo público. Por unha banda, o conxunto escálase progresivamente desde a parte alta cara á zona inferior (respectando a distancia mínima á muralta s. UI-B), adaptándose á topografía e á volumetría xeral das pezas do entorno. Por outra banda, as novas pezas procuran ligarse ás liñas de cornixa das pezas coindantes, tapando así as medianeiras e traseiras existentes no perímetro para conformar un lenzo de fondo máis amable e cohesionado do novo espazo público.



CONFORT E SUSTENTABILIDADE DO ESPAZO URBANO COMO PRIMEIRO FILTRO DE ACONDICIONAMENTO AMBIENTAL E APRORRO ENERXÉTICO PARA AS CONSTRUCIÓNS

El espazo público no que se enmarcan as nosas vivendas e equipamentos públicos, máis alá de ser un marco atractivo, flexible e seguro de relación para veciños e visitantes, debe ser considerado tamén como a primeira ferramenta coa que traballar para acadar o maior aforo enerxético posible. Neste aspecto, a proposta integra no seu deseño global diversas estratexias que persegue este obxectivo, atendendo en todo momento á climatología local. Así, búscase aproveitar o soleamento natural, ao mesmo tempo que se traballa con distintos pasaxes urbanos e zagüan para favorecer as correntes de aire estivas e ofrecer espazos onde refuxarse da choiva abundosa na zona. Por outra banda, o uso de vexetación local favorece a biodiversidade e contribúe a refrixerar de forma pasiva por evapotranspiración o ambiente urbano, mentres que o emprego de especies arbóreas caducas xera áreas de sombra no verán e permite a rotación solar no inverno. Do mesmo xeito, préstase especial atención á materialidade do espazo urbano, apostando polo uso de materiais con albedos intermedios e a integración de SUDS (Sistemas Urbanos de Drenaxe Sustentable) que, fronte aos sistemas tradicionais que canalizan a auga da choiva á rede de saneamento, favorecen o ciclo hidrolóxico orixinal.



REHABILITACIÓN E REESTRUTURACIÓN DO CONXUNTO DO PAZO DE DOÑA URRACA E DAS VIVENDAS DE MIÑO 19-21 PARA ALBERGAR O CENTRO EXPOSITIVO E VIVENDAS

O vello pazo e as edificacións de Miño 19-21 trátanse como un conxunto unitario que albergará un Centro Expositivo e vivendas de protección pública. En primeiro lugar, atendendo á profundidade edificada das pezas e buscando mellorar a salubridade das estancias habitables, considérase necesario abrir un novo patio interior na zona central do conxunto, permitindo introducir luz e ventilación natural a un maior número de estancias das vivendas, así como ao vestíbulo de acceso ao novo centro de exposicións, situado estratexicamente baixo dito patio e ao que se accede desde a liberada planta baixa de Miño 19; esta funciona tanto como zagüan de acceso como de paso de conexión co espazo público. En segundo lugar, co obxectivo de optimizar o funcionamento e a calidade das vivendas, deféndese dispoñer dun único núcleo de comunicación para as vivendas de Miño 19 e Miño 21. Situado estratexicamente no límite entre ambos bloques —e cun espesor por apertura a 180° e un pequeno tramo de escaleiras para conectalos— conséguese respectar os forxados orxinais de ambos edificios, ao tempo que se garante a total accesibilidade e se maximiza o espazo útil da vivenda fronte ás zonas comúns. Así mesmo, buscando as mellores vivendas posibles, algunhas unidades adquieren a condición de dúplex ou contan con estancias en ambos edificios. Do mesmo xeito, cómpre salientar que se realiza a rehabilitación integral do pazo a nivel morfolóxico e material, así como se restauran as fachadas orxinais da rúa Miño e se elimina a planta fora de orde en Miño 21, recuperando unha volumetría de PB+II con cuberta a dúas augas.



SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL, EFICIENCIA ENERXÉTICA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA PARA REDUCIR A PEGADA ECOLÓXICA GLOBAL DA ACTUACIÓN

Consistente da crise climática global, a proposta busca reducir a pegada ecolóxica tanto na súa fase de construción como ao longo da vida útil dos inmobles. Así, ademais de elixir materiais locais respectuosos co medio ambiente (ver panel 2), a proposta fomenta a pasividade enerxética do conxunto a través da reinterpretación de distintas estratexias pasivas presentes na tradición local, aproveitando as diversas variables atmosféricas do entorno próximo (aire, sol, terra, etc.), buscando así reducir a demanda enerxética global. Por outra banda, estimase o uso de procesos circulares de ciclo nulo cradle to cradle e a redución do consumo a partir do emprego de estratexias activas de alta eficiencia baseadas en fontes de enerxía renovable.

